

Don José Villán Fuertes, Secretario do Concello de Carballo - A Coruña

## **CERTIFICO:**

Que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 25 de maio de 2020 tivo coñecemento do seguinte:

### **7.3.- Resolucións da Alcaldía.**

#### **7.3.1.- Resolución da Alcaldía de liquidación do presuposto 2019**

Dáse conta expresamente da resolución da Alcaldía nº 976/2020 de 22 de abril:

#### **«RESOLUCIÓN**

Vistos os estados da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2019 formulados e informados pola Intervención municipal.

Visto o establecido no artigo 191.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e no artigo 90 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, resolvo:

Primeiro: Aprobar a liquidación do orzamento do Concello de Carballo de 2019, da que se deducen, entre outros, os seguintes datos:

<b>Orzamento de gastos</b>	<b>Euros</b>
Créditos iniciais	24.505.476,70
Modificacións	13.006.729,57
Créditos definitivos	37.512.206,27
Gastos comprometidos	30.929.829,26
Obrigas recoñecidas netas	27.834.862,82
Pagamentos realizados	24.729.532,34
Obrigas pendentes de pago a 31/12	3.105.330,48
Remanentes de crédito	9.677.343,45

<b>Orzamento de ingresos</b>	<b>Euros</b>
Previsións iniciais	24.505.476,70
Modificacións	13.006.729,57
Previsións definitivas	37.512.206,27
Dereitos recoñecidos	26.537.268,94
Dereitos anulados	303.597,87
Dereitos cancelados	0,00

Dereitos recoñecidos netos	26.233.671,07
Recadación neta	25.307.052,65
Dereitos pendentes de cobro a 31/12	926.618,42
Exceso de previsión	-11.278.535,20

Outros datos resumo de especial interese:

- Debedores pendentes de cobro a 31/12/2019	2.956.146,36 euros.
- Acredores pendentes de pagamento a 31/12/2019	4.208.833,56 euros.
- Resultado orzamentario do exercicio	-1.601.191,75 euros.
- Resultado orzamentario axustado do exercicio	2.974.697,67 euros.
- Remanente de tesourería total	14.607.322,18 euros.
- Exceso de financiamento afectado	1.297.116,68 euros.
- Remanente de tesourería para gastos xerais	12.180.839,84 euros.
- Necesidade de financiamento	-1.633.479,02 euros.
- Nivel débeda viva	2.800.072,40 euros.
- Porcentaxe débeda viva sobre ingresos correntes	11,63%
- Diferencia límite regra de gasto e gasto computable 2019=	
20.004.391,79 -21.991.840,55=	-1.987.448,76 euros.
- % Incremento Gasto computable 2019/2018	12,90%

**Segundo:** Tendo en conta o incumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e da regra do gasto que dedúcese da liquidación orzamentaria de 2019, o concello, en cumprimento do artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, formulará un plan económico financeiro que permita o cumprimento destes principios no ano en curso e no seguinte, co contido e o alcance previsto no mencionado artigo.

O plan económico-financiero, será elevado ao Pleno no prazo máximo dun mes desde que se poña de manifesto o desequilibrio, e non requirirá ningunha aprobación adicional, debendo ser comunicado ao órgano competente de tutela da Comunidade Autónoma.

**Terceiro:** Remitir copia da liquidación á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma en cumprimento do previsto no apartado 5 do artigo 193 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Tamén se procederá a remitir a información prevista na Orde EHA/468/2007 de 22 de febreiro, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática da liquidación dos orzamentos das Entidades Locais e da información adicional requerida para a aplicación efectiva do principio de transparencia no ámbito da estabilidade orzamentaria, e na Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de suministro de información prevista na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de Abril.

**Cuarto:** Dar conta desta resolución ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar, en cumprimento do previsto no apartado 4 do artigo 193 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.”

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.  
O alcalde